

Santiago 1 de Setembro de 2011

Benquerido/a compañeiro/a

Co aquel do aniversario do pasamento de ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, (20 de Marzo de 1910) o centro público que ten a honra de levar o seu nome, convoca o VIII concurso de redacción e investigación histórica "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", dirixido a escolares de 3º ciclo de educación primaria, e 1º ciclo da E.S.O.

O obxectivo deste certame é descubrir a nosa historia a partir de ditos, refráns, modismos, lendas, etc..., de xeito que os nenos e as nenas participantes teñan que facer unha pequena investigación histórica a través de libros, enciclopedias, internet e outros medios. E tamén preguntando na súa casa aos seus ascendentes.

O tema proposto para este ano ten como título " EN TEMPOS DE MARÍA CASTAÑA" a partir do cal os alumnos e alumnas deberán descubrir a orixe deste dito e a súa explicación histórica, segundo as bases da convocatoria.

Esperamos contar coa túa colaboración nesta cuarta edición de "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", que agardamos teña unha boa acollida entre profesorado e alumnado do teu centro

Sen outro particular, recibe unha forte aperta.



Asdo.: Lois X. Trigo Martínez
Director do centro



Asdo.: José R. Carril Vázquez
coordinador do E.N.L.

"FALEMOS DA NOSA HISTORIA"

BASES

1º - Poderán participar todos os escolares da nosa Comunidade Autónoma que ao longo do curso escolar 2011 - 2012 cursen estudos de 3º ciclo de Educación Primaria, ou 1º ciclo da E.S.O.

2º - Os traballos presentaranse exclusivamente en lingua galega.

3º - Os traballos serán orixinais

4º - A extensión máxima dos traballos non sobrepassará os tres folios (DIN-A4), escritos a man e por unha soa cara.

5º - Se o concursante decidira acompañar un traballo plástico sobre o tema, este poderá ser presentado a maiores dos tres folios anteditos.

6º - Os traballos circunscribíranse única e exclusivamente ao título do tema.

7º - Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do colexio.

8º - O traballo gañador será publicado na revista do colexio "Antonio López Ferreiro" - PEGADA -, ou noutros medios de comunicación que decida o centro.

9º - O xurado estará composto por tres personalidades de solvencia recoñecida no eido da historia e das humanidades.

10º - As decisións do xurado serán inapelables

11º - Estableceranse tres premios: A - cerámica e diploma
B - cerámica e diploma
C - cerámica e diploma

Ademais do premio especial do Concello de Santiago para os tres primeiros premiados.

Premio para os centros: lote de libros da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

12º - O prazo de presentación dos traballos será desde o 1 ao 29 de febreiro do 2012, e deberán enviar ao seguinte enderezo:

Concurso "Falemos da nosa Historia"
CEIP "LÓPEZ FERREIRO"
R/XOAN XXIII S/N
SANTIAGO DE COMPOSTELA

13º - Os traballos virán asinados con pseudónimo incluíndo en sobre adxunto os datos persoais, así como curso, centro escolar e teléfono de contacto.